



8M

RUEIRO EN FEMININO

CEIP ESTEIRO



Rueiro adicado ás mulleres.



SOCIEDADE MIXTA DE TURISMO DE FERROL



www.facebook.com/Ferroturismo

www.youtube.com/user/Ferroturismo

@marvisitFerrol

www.pinterest.com/Ferroturismo

Ferrol

Hai nomes de rúas adicados ás mulleres?

O 4,4% do rueiro Ferrolán está adicado ás mulleres.

A cidade de Ferrol ten 434 rúas, prazas con nome, das cales 19 están adicadas ás mulleres.

RUEIRO


- R. CARME CURUXEIRAS
- R. CARME
- R. DOLORES
- R. MARÍA
- R. OLVIDO
- R. DA MAGDALENA
- PRAZA DAS ANGIUSTIAS
- PARQUE RAÍÑA SOFÍA
- PRAZA ROSALÍA DE CASTRO
- R. ADÁN E EVA
- R. CONCEPCIÓN ARENAL
- R. EMILIA PARDO BAZÁN
- R. MANUELA E MIGUEL
- R. SOCORRO
- R. MERCED
- R. MADRE LESTONAC
- AVDA. SANTA MARIÑA
- PARQUE DO PILAR
- PRAZA OITO DE MARZO



O noso colexio creará o seu propio rueiro.

Proxecto

Imos nomear as aulas cos nomes de mulleres da nosa cidade e arredores.



Mulleres da zona
de Ferrolterra

NOMES ESCOLLIDOS

EI4 Rebeca Atencia

EI5 Elga Fernández

EI6 Ángeles Alvariño

EP1 Sara Guerrero

EP2 Ánxela Loureiro

EP3 Chelo Loureiro

EP4 Concepción Arenal

EP5 Irene Montero Díaz

EP6A Ana Amado

EP6B Mercedes Canto Santiago

PT 1 Paula Morado

PT 2 María del Carmen Cabaleiro

AL Mabel Rivera

Língua Inglesa Amaia Foces

Música Carolina Casanova

Relixión Evanxélica Dámaris María

Relixión Católica Inés Prado

Pavillón Belén Toimil

A plantilla

CARACTERÍSTICAS

Fonte

Xunta Sans Bold



Rebeca Atencia

Veterinaria e primatóloga

Nacida en Ferrol en 1977, é unha veterinaria e primatóloga galega. É a directora do Centro de Rehabilitación de Chimpancés de Tchimpouga, na República do Congo, dependente do Instituto Jane Goodall.

Insignia de
Ouro da
Cidade de
Ferrol





Vida

Momentos relevantes da súa vida

- Nace en Ferrol no ano 1977.
- Estuda veterinaria na Universidade Complutense de Madrid.
- Dirixe o Centro de Rehabilitación de chimpancés de Tchimpouga, na República do Congo.
- É considerada herdeira de Jane Goodall pola súa labor na recuperación de primates.



Traxectoria

A nivel profesional

- 2005: Comeza a colaborar coa ONG Help Congo nun proxecto de reintrodución de primates feridos no Parque Nacional de Conkouati Doulli.
- Jane Goodall valora o traballo de Rebeca Atencia e proponlle dirixir o Centro de Rehabilitación do Congo, onde se protexen e coidan a uns 150 chimpancés para despois devolvelos á selva. Tamén realizan unha labor de educación e sensibilización dirixida á poboación da zona.

Traxectoria

Desenvolve o programa Chimpamig@s que permite apadriñar a un primate, colaborando coa súa manutención e atención veterinaria.

2016: presenta un estudo sobre o corazón dos chimpancés, que cambiou o concepto sobre a súa saúde cardíaca.



Outros

- 2011: Recibe a Insignia de Ouro da cidade de Ferrol.
- 2017: Premio de Benestar Animal do Colexio de Veterinaria de Madrid.
- 2018: Nombrada unha das 20 mulleres do futuro pola revista Newsweek.
- 2019: Premio 8 de Marzo do Concello de Ferrol.
- 2020: Premio Nacional da Sociedade Xeográfica de España.

Sara Guerrero

Triatleta profesional

Nacida en Narón
representa os valores do
esfuerzo e traballo a través
do deporte.

Campiona de España





Vida

Momentos relevantes da súa vida

- Nace en Narón.
- Estuda o grao de Ciruxía Maxilofacial.
- Filla de Amando Guerrero, entrenador de natación.



Traxectoria

A nivel profesional

- Triatleta do AD Náutico de Narón (A coruña).
- No ano 2019 conseguiu o bronce no Europeo.
- No ano 2021 foi campioa de España do duatlón.
- No ano 2022 proclamouse campioa de España tras a súa participación na proba celebrada en Banyoles (Xirona).

Traxectoria



Outros

- Estará a formar parte coa selección española na primeira proba do acto do mundo 2023 que comeza o venrés 3 de marzo coa WTS de Abu Dahbi.

Chelo Loureiro

Produtora e directora cinematográfica de cine de animación

Nacida en Ferrol no ano 1958 representa o activismo dentro do campo audiovisual polo recoñecemento das mulleres.

Ferrolana do
ano no 2017





Vida

Momentos relevantes da súa vida

- Chelo Loureiro é unha produtora e directora cinematográfica de cine de animación.
- Fundou a produtora “Abano Producións” en 2007
- Gañadora de 3 Premios Goya (2017 – 2022 - 2023)
- Activista polo recoñecemento das mulleres dentro do campo audiovisual.
- Asociación de Mulleres Cineastas e de Medios Audiovisuais (CIMA)



Traxectoria

A nivel profesional

- 1981 - Primeira muller en traballar no departamento de maquinaria do estaleiro Bazán
- 1987 - Editora o departamento de Arte de La Voz de Galicia
- 1990 - 2016 - Xerente da Galería de Sargadelos de Ferrol
- 1998 - Fundadora e xerente do Diario de Ferrol
- 2003 - Produtora executiva da película de animación escrita por Ánxela Loureiro coa produ-

Traxectoria

tora Lúa Films

- 2007 - Fundadora da produtora “Abano Producións”
- 2017- Ganadora do Premio Goya pola película de animación “Decorado”
- 2018 - Premio Mestre Mateo co corto de animación “The Neverending Wall”
- 2022 - Gañadora do Premio Goya pola película de animación “Valentina”
- Chelo Loureiro pertence a Asociación de Mulleres Cineastas e de Medios Audiovisuais (CIMA)
- 2023- Gañadora do Premio Goya pola película de animación “Unicorn wars”



Outros

- Ferrolana do Ano - 8 MARZO 2017
- 6 nominacións aos Premios Goya - Gañadora 3 premios Goya.

Inés Prado

Xadrecista

Nacida en Ferrol no ano
1997.

Gañadora
de varios
campeonatos
de xadrez





Vida

Momentos relevantes da súa vida

- Naceu en Ferrol no ano 1997.
- Estudou Enxeñeiría química



Traxectoria

A nivel profesional

- Primeira muller en gañar un campionato galego de xadrez en categoría absoluta no ano 2017.
- Tamén primeira muller en ganar un campionato autonómico en España.
- Anteriormente foi subcampiona de España sub-16 no ano 2013
- No ano 2022 foi campiona galega de xadrez rápido sendo de novo a primeira muller en conseguilo.

Traxectoria



Outros

Mabel Rivera Torres

Actriz

Nacida en Ferrol no ano
1952.

Goya á
Mellor Actriz





Vida

Momentos relevantes da súa vida

Naceu en Ferrol o 20 de xuño de 1952. Comezou os seus estudos no colexio Sagrado corazón de Jesús (Ferrol) posteriormente licenciouse en Filoloxía Inglesa na Universidade de Santiago de Compostela e graduouse en Arte Dramático pola mesma universidade.



Traxectoria

A nivel profesional

- Actriz con gran experiencia teatral. En Galicia é coñecida fundamentalmente polo seu papel de Balbina na coñecida comedia da TVG Pratos combinados. O recoñecemento a nivel nacional chegoulle grazas ao papel na oscarizada película “Mar a dentro”, o cal lle valeu o premio Goya a mellor actriz de reparto no ano 2004.
- Outras películas nas que participou son “Los fantasmas de Goya”, “El Orfanato” ou “Agallas”.

Traxectoria

Traballou tamén en series coma “Libro de familia” ou “Los Serrano” entre outras.



Outros

Ademais de actriz, produciu documentais coma “El salario del silencio”, sobre a polémica instalación dunha planta de gas na ría de Ferrol. Tamén traballou coma presentadora, axudante de dirección e dobladora de cine.

Carolina Casanova

Soprano (Cantante de ópera)

Considerada unha das mellores durante a segunda metade do século XIX.

Carolina de Cepeda





Vida

Momentos relevantes da súa vida

Carolina Casanova nace no barrio ferrolán de Esteiro o 10 de xaneiro de 1847. Foi considerada unha das mellores sopranos a nivel europeo da época. Actuou en múltiples teatros de ópera como a Scala de Milán ou o teatro San Carlo de Nápoles. Logo de deixar a súa carreira concertística, exerceu como profesora na Escola Nacional de Música e Declamación (actualmente, Conservatorio Superior de Música de Madrid). Finou o 8 de febreiro de 1910.



Traxectoria

A nivel profesional

- Estudou solfexo co mestre Francisco Piñeiro (música maior do Departamento de Mariña de Ferrol). Logo dunha actuación no teatro Filharmónico da cidade departamental, comezou a coller sona e trasladouse a Madrid, onde estivo un tempo no teatro de Zarzuela. Foi alí onde coñeceu ó que posteriormente sería o seu marido; Luis Rodríguez Cepeda, un compositor e director de orquestra.

Traxectoria

- Tras o seu paso por Madrid, Carolina continuou a súa formación en Roma, onde estudou arte dramática, e en París, realizando estudos de solfexo e canto.
- Mencionar que tivo exitosas xiras por España (Palma de Mallorca, Valencia, Madrid, entre outras cidades) e mesmo chegou ata América Latina e Norte de Europa. A nivel musical, Carolina representou principalmente ópera italiana, pero tamén atopamos no seu repertorio ópera francesa, alemá e mesmo española.
- Co paso dos anos foi reducindo a súa actividade concertística e centrou os seus esforzos na actividade docente. Foi nomeada profesora do que a día de hoxe é coñecido como Conservatorio Superior de Música de Madrid.

Amaia Foces

Médico de familia

Nacida en Ferrol no ano
1969.

Médico
de familia
internacional





Vida

Momentos relevantes da súa vida

Nace en Ferrol, o 13 Outubro de 1969 de pai castelán e nai navarra. É a novena de once irmáns. Naquela época, empeza o equipo de natación de Ferrol e sua nai mete a tódolos irmáns a nadar. Estudia no Saturnino Montojo e despois estudia Medicina na Universidad de Navarra.



Traxectoria

A nivel profesional

- Anos 80-87:
- Campiona galega de natación representando a Galicia en numerosas ocasións nos Campeonatos de España de Comunidades Autonomas
- Campiona de España Escolar en 100 libres
- Finalista campeonatos de España Absolutos en 200 bolboreta.
- Selección española escolar en Florencia (Italia) 1982-83.

- En 1992, en terceiro de Medicina, durante a Guerra de Yugoslavia, vaise con unha ONG a Split (Croacia) a axudar a orfos de Guerra discapacitados.
- 1994-1998: Fai a especialidade de Medicina de Familia en Canarias e consegue o traslado a Ferrol onde casa y comenza a súa vida como médico de Familia. En Ferrol ten a sua primeira filla.
- No ano 2000 se traslada ao Reino Unido onde se establecen e ela empeza a traballar de médico de familia. Alí terá dous fillos máis.
- No ano 2010 se trasladan a vivir a Uzbekistan, onde traballa como directora médica na clínica Internacional de Tashkent e colabora a escondidas (xa que non permiso para traballar como médico) coas irmás de la Madre Teresa de Calcuta, vendo enfermos nos sótanos da catedral de Tashkent.
- No ano 2013, a familia se traslada a Rio de Janeiro (Brasil), onde participa no programa Mais Medicos, traballando na Ilha da Madeira, unha das áreas menos privilexiadas do estado de Rio. Alí, colabora coa comunidade en promoción da saúde.
- En 2016, a familia decide Volver a Reino Unido ,para que os fillos estudien na Universidade, pero en 2020 lles surge a oportunidade de traballar en India. Alí pasan a pandemia, onde axuda como médico ao tratamento en casa dos enfermos de covid, xa que os hospitais e o Sistema sanitario se colapsan. Alí tamén colabora con el Jesuit Refugee Service, organizando obradoiros de saúde ás mulleres refuxiadas afganas e chin(refuxiados cristianos de Myanmar) e capacitando a estas mulleres para formar os seus propios negocios e ter un ingreso propio sen depender do marido. Actualmente todavía colabora con elas a distancia.
- En el 2021, retorna a Reino Unido onde completa o seu diploma en Salud Publica Actualmente reside en Reino Unido onde traballa como médico de familia e colabora con refuxiados ucranianos.

Ánxela Loureiro

Escritora, mestra e música

Nacida en Ferrol no ano
1956.

Adicada a
literatura
infantil e
xuvenil





Vida

Momentos relevantes da súa vida

Ánxela Loureiro Fernández naceu en Ferrol o 1 de marzo de 1956. Foi mestra de educación primaria con especialidade de música. Escribe novela, teatro, poesía e ensaio. Destaca especialmente en literatura infantil e xuvenil.



Traxectoria

A nivel profesional

Comezou a escribir Ollo! Hai lurpios na horta (1978), co que gañou o 1º premio de Teatro Infantil do Ate-neo Ferrolán.

Dentro da Narrativa infantil e xuvenil escribiu:

- Viaxe de ida e volta
- Laia, a nena da Illa (finalista do Premio Merlín)
- Camiño Perigoso (finalista do Premio Merlín)
- Ota quere voar (Premio Lecturas Galia 2005 e Premio Literario Frei Martín Sarmiento 2005)

Traxectoria

-Choiva de rás.

Tamén é autora do libro Voces da memoria con ollos de muller, editado polo Concello de Ferrol, en que lembra as mulleres que formaron parte da loita antifranquista en Ferrol.

Adentrouse no mundo cinematográfico como guionista de proxectos infantís como Pica-pica circus ou Bruxarías (candidata a mellor película de animación nos premios Platino 2017).

Publicou un libro para o profesorado titulado Canción para o ano, convidando a empregar a música popular nas aulas.



Outros

Forma parte do grupo folclórico Saraiba como vocalista e dirixiu varios coros infantís. Sacou varios discos.

Colabora con obradoiros e relatórios en diversos foros educativos, escribe artigos en revistas de carácter didáctico e impulsa a recuperación dos xogos tradicionais musicais, defendendo a súa incorporación ás aulas.

Elga Fernández Lamas

Ilustradora

Nacida en Ferrol no ano
1976.

Ilustradora da
nosa cidade
Ferrol





Vida

Momentos relevantes da súa vida

Naceu en Ferrol en 1976. Estudou Imaxe e Son pero a súa carreira levouna con éxito polo mundo da ilustración.



Traxectoria

A nivel profesional

Na obra da ferrolana aparecen tanto cidades desaparecidas coma as que aínda existen.

Libros publicados:

Baixo as mesmas nubes. Ferrol art book

Libro de arte, de imaxes de Ferrol creadas pola deseñadora local afincada en Valencia. Inclúe 30 ilustracións: 15 de edificios que existen na actualidade e outras tantas de edificios que xa non están. A Coruña, a cidade asomada.

Traxectoria

Ten proxectos de ilustracións con revistas, institucións valencianas e as latas de galletas Maruxas de Nata.

Paula Morado

Actriz

Nacida en Ferrol no ano
1980.

Dende Ferrol
para España





Vida

Momentos relevantes da súa vida

Naceu en Ferrol , no barrio de Caranza hai 42 anos.

Formouse na Escola de teatro de Narón.

Ten dúas fillas que realizaron os seus estudos no CEIP Esteiro.



Traxectoria

A nivel profesional

Comenzou no Instituto a facer teatro afeccionado, logo entrou nunha compañía de José Prieto e máis tarde empezou a realizar tanto series para televisión como películas.

“Urxencia Cero” (RTVG 2016)

“ A sombra da ley” (2018)

“Vivir sin permiso” (2018)

“Madres” (2020)

Traxectoria

“Patria”(2020)

“Rapa” (2022)

Dámaris María

Mestra ensinanza evanxélica

Nacida en A Coruña en
1963.

Mestra de
Ensinanza
Evanxélica na
comarca de
Ferrol





Vida

Momentos relevantes da súa vida

- Cursa estudos de postgrado na Escola de Formación de Profesorado de Ensinanza Evanxélica en 2004
- Logo de impartir ensinanza evanxélica en diferentes centros na provincia de A Coruña, é nomeada mestra de ensino relixioso evanxélica no CEIP Esteiro.



Traxectoria

A nivel profesional

- Realiza función de pastora na Igrexa Evanxélica de Ferrol, entre os anos 1999 e 2006
- Mestra de ensino evanxélico desde 1997 ata 2006 na comarca ferrolana.
- Desde o 2006, exerce diferentes funcións no seu traslado a Córdoba, primeiramente como
- Bibliotecaria da Facultade de Teoloxía Protestante na cidade de La Carlota e, posteriormente como coordinadora académica do Program

Traxectoria

de Título de Grao de Teoloxía a través do seu campus virtual.

- Na actualidade é a responsable da residencia do campus universitario da Facultade de Teoloxía, que comparte coa función de coordinadora académica dos programas de formación ministerial, no marco do protestantismo evanxélico.



Outros

- Pastora Evanxélica
- Experta en Orientación Familiar (2010)

Ana Amado

Fotógrafa

Nacida en Ferrol.

Premios en
fotografía





Vida

Momentos relevantes da súa vida

- Naceu en Ferrol. Xa dende nena era unha fascinada pola cultura visual, fixo a carreira de arquitectura e actualmente é recoñecida como fotógrafa e artista visual.



Traxectoria

A nivel profesional

- Realiza función de pastora na Igrexa Evanxélica Profesional multidisciplinar nos campos da arquitectura, da fotografía, dirección artística de cine, ilustración, cómic...
- Recentemente traballa como asistente dun fotógrafo estadounidense de gran recoñecemento mundial e compaxina esta labor coa docencia na escola de artes visuais en Madrid.
- Busca primar de contido social as súas fo-

Traxectoria

tografías : papel da muller na sociedade, a crisis económica...e sírvese da arquitectura para acercar o arte contemporáneo á sociedade.



Outros

- O seu traballo é moi recoñecido internacionalmente, expuso en Photo London 2018 , Bienal de Venecia 2016-2018 , Royal Academy of Arts (Londres)....e consegue premios importantes no mundo da fotografía.

Maca Cabaleiro

Xogadora de baloncesto

Nacida en Serantes, Ferrol
no ano 1949.

Semiprofesional
internacional





Vida

Momentos relevantes da súa vida

- Nace en Serantes, Ferrol, en 1949.
- Unha das primeiras mulleres galegas en xogar de maneira semiprofesional no estranxeiro (Italia).
- Estuda a carreira de Educación Física, exercendo a docencia nos institutos de Mugardos, compaxinando a súa profesión co basket, e posteriormente coa ximnasia rítmica.



Traxectoria

A nivel profesional

- Comeza a súa traxectoria deportiva no mundo do Baloncesto aos 17 anos, no “Medina”. Equipo no que chegou a disputar na categoría de Primeira Nacional.
- Ficha polo “Junior Club Roma”, durante dúas tempadas, equipo de baloncesto semiprofesional naquela época.
- Á súa volta á Galicia decidiu retomar ao equipo da adolescencia, o Medina, que na súa ausen-

Traxectoria

cia cesara dita actividade.

- Funda un equipo feminino de baloncesto no histórico OAR, baixo o nome de “San Rosendo”.



Outros

- Nos anos 80 introdúcese na ensinanza e promoción da ximnasia rítmico Esquí, paixón que compartía co basket, ademais de formar parte do grupo de baile “Terra Meiga”.
- Toda a súa vida estivo adicada a facetas relacionadas co deporte e a educación, pasando por postos de presidenta, adestradora e mesmo mecenas para poder financiar os

Cocepción Arenal

Escritora, abogada e xornalista

Nacida en Ferrol no ano
1820.

Precursora do
feminismo





Vida

Momentos relevantes da súa vida

- Nacida en Ferrol o 31 de xaneiro de 1820 foi unha diplomada en Dereito, xornalista, precursora do feminismo, poeta e autora dramática galega.
- Foi a primeira muller en asistir a unha Universidade española.



Traxectoria

A nivel profesional

- Estudou nun colexio para nenas acomodadas que máis tarde criticaría severamente.
- A maior parte da súa cultura e formación foi de forma autodidacta a través da lectura.
- Asiste á universidade vestida de home xa que as mulleres non tiñan acceso aos estudos superiores



Outros

- Fábulas en verso, 1851
- La beneficencia, la filantropía y la caridad, 1861
- El visitador del pobre, 1863
- Ensayo histórico sobre el derecho de gentes, 1879
- A muller do porvir, 1869
- La cuestión social, 1880
- Cartas a un obrero y a un señor, 1880
- La mujer de su casa, 1883
- El visitador del preso, 1893 (Francia) gastos do clube.
- Na actualidade, próxima aos 70 anos, segue formando parte do clube Esquí, aínda que de maneira máis indirecta, centrándose nos aspectos que teñen que ver coa burocracia.



CEIP ESTEIRO